



CONVOCATORIA DE PRENSA

O espectáculo de Fran Sieira Compañía de Danza ‘Un baile ceibe’ protagoniza a presentación da programación do 34º Festival Internacional Outono de Teatro

A función, protagonizada por Aída Tarrío (Tanxugueriras), Martín Mondragón (Mondra), Cristina Caonosa e Fran Sieira, poderá verse mañá xoves, 4 de setembro, a partir das 19.30 horas, no Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo, con entrada gratuíta ata completar a capacidade da sala

Carballo, 3 de setembro de 2024.- O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o **FIOT**, presentará mañá **xoves, 4 de setembro**, a programación completa da súa **34ª edición**. A cita será a partir das **19.30 horas no Auditorio do Pazo da Cultura** e contará coa participación Alberto Sueiro, Presidente da AC Telón e Aparte; Luciano Calvo, Presidente da Fundación Luis Calvo Sanz; Jacobo Sutil, Director Axencia Galega Industrias Culturais (AGADIC); Maruxa Suárez, Concelleira de Cultura do Concello de Carballo; Xosé Regueira, Vicepresidente da Deputación da Coruña; José López, Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia; e Evencio Ferrero, Alcalde do Concello de Carballo, que estarán acompañados por socios de Telón e Aparte, voluntarios do FIOT, entidades colaboradoras, produtoras, compañías e artistas participantes, grupos socioculturais de Carballo, prensa e outros convidados.

O acto está aberto a todos os públicos que desexen sumarse, xa que, como novidade neste 2025, o espectáculo ***Un baile ceibe***, de Fran Sieira Compañía de Danza, poderá verse no Pazo da Cultura de Carballo durante o acto de presentación do #FIOT34, con entrada libre ata completar a capacidade da sala. A peza está protagonizada por Aída Tarrío (Tanxugueriras), Martín Mondragón (Mondra), Cristina Caonosa e Fran Sieira.

Este acto é o primeiro encontro do FIOT neste 2025 cos espectadores, cos socios de Telón e Aparte, co voluntariado do festival e coas institucións e entidades colaboradoras para presentarlles directamente a nosa 34ª edición. Visibilizando o lema desta edición, a raíz como forza conformadora da nosa identidade propia e colectiva, a relevancia da memoria e do noso patrimonio como nutrientes esenciais que fundamentan o noso futuro, contaremos cun espectáculo en directo dunha das compañías galegas de danza máis interesantes do momento, Fran Sieira Compañía de Danza.

Na aposta do festival polo apoio e a visibilización do talento local a través da apertura a proxectos participativos, **acompañarán á compañía no escenario unha vintena de bailadoras de grupos de entidades culturais de Carballo**, membros de grupos de Baile tradicional da Asociacións Nemeth e do Alprende, que asistiron a un obradoiro previo impartido polo coreógrafo.



SOBRE O ESPECTÁCULO

Un baile ceibe é unha peza coreográfica para espazos non convencionais de 25 minutos de duración, con dirección artística de Fran Sieira e Sergio R. Suárez. Executada por catro intérpretes, conta con música de MounQup (Camille Hedouin), a partir de cancións de Carlos Quintá, e coa colaboración de Úrsula Rial. O vestuario é de Vestuario de Érica Oubiña, cunha colaboración especial de Eferro. Na súa posta en escena na presentación do FIOT34, participarán, tamén, bailadoras de Carballo.

Un baile ceibe traballa sobre o xénero e as súas maneiras de operar en diferentes ámbitos da cotianidade, incluíndo, por suposto, unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional galego. Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. A peza peflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos impostos socialmente, para establecer distancia coa normatividade e arrastrala cara ás marxes, cara á disidencia, para, desde aí, propoñer e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. Asimesmo, Cuestiona as identidades de xénero normativas e hexemónicas, para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos, e así poder abordar o tema desde unha perspectiva feminista e en relación coas cuestións LGTBIQ+.

Fran Sieira é un bailarador de longa traxectoria no ámbito tradicional e tamén graduado en danza contemporánea. Fundamenta o seu traballo nunha revisión do tradicional desde un marco contemporáneo, creando unha linguaxe de vangarda. A través da creación colectiva, achega proxectos artísticos con vocación social.

CONVOCATORIA DE PRENSA

PRESENTACIÓN OFICIAL DO 34º FIOT

**Xoves, 4 de setembro, ás 19.30 horas,
no Pazo da Cultura de Carballo**

ACTO ABERTO AO PÚBLICO

**Coa representación especial da función *Un baile ceibe*, de Fran Sieira Compañía de Danza
ENTRADA LIBRE PARA TODOS OS PÚBLICOS ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA**

CONTACTO DE PRENSA FIOT

Luisa Castiñeira | Tel. 620 113 155 | comunicacion@fiot.gal

SALA DE PRENSA FIOT

<https://cutt.ly/kit-prensa-FIOT34>

MÁIS INFORMACIÓN | www.fiot.gal